PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO ÁMBITO DE COMUNICACIÓN (LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA). ESA

CURSO: 2023-2024



ÍNDICE

EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS

1. INTRODUCIÓN....2
2. ÁMBITO DA COMUNICACIÓN....2
3. ÁMBITO DA COMUNICACIÓN LIGADO ÁS COMPETENCIAS CLAVE....3
4. OBXECTIVOS XERAIS....4
5. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS....5
6. MATERIAIS E RECURSOS....6
7. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE....7
7.1. MÓDULO 3 DA ESA....7
7.2. MÓDULO 4 DA ESA....15
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA MÓDULOS 3 e 4 DA ESA....27

1. INTRODUCIÓN.

O Real decreto 1631/2006, que determina as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria establece, seguindo as propostas da Unión Europea, que as ensinanzas ordenadas nel deben orientarse ao logro das competencias básicas, imprescindibles para a realización persoal, para exercer a cidadanía activa, para incorporarse á vida social e laboral dun xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

2. ÁMBITO DA COMUNICACIÓN.

Na educación secundaria obrigatoria para persoas adultas o ámbito de comunicación toma como referente os aspectos básicos do currículo relativos ás materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e a primeira lingua estranxeira. Desde este punto de partida, o ámbito de comunicación conforma unha proposta curricular coherente, integrada e orientada ao desenvolvemento das competencias comunicativas das persoas adultas e aodesenvolvemento das súas capacidades intelectuais e afectivas coa finalidade de que lles permita a súa inserción activa e responsable na sociedade e o seu desenvolvemento persoal.

Esta organización do currículo fomentará así a autonomía do alumnado na aprendizaxe, a competencia plurilingüe e pluricultural, a dimnensión interculturale a estruturación e organización do propio pensamento, por seren todos os aspectos que redundan nunha aprendizaxe máis efectiva.

Dentro deste ámbito preséntase o estudo coordinado das dúas linguas da nosa comunidade para conseguir unha competencia plena en ambas, favorecer a actitude positiva cara a elas e economizar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Os obxectivos do ámbito de comunicación só se poden acadar desde a perspectiva dese enfoque integrador das linguas. Existe unha serie de aprendizaxes que son transferibles entre as materias que conforman o ámbito, como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas de tipo lingüístico. Convén recalcar, de calquera xeito, que partir dunha organización integradora e converxente das materias neste ámbito de comunicación non significa esquecer a existencia de aspectos específicos de cada unha das materias integradas no ámbito, sen perder nunca de vista o obxectivo de conseguir unha mesma competencia lingüística doalumnado na lingua galega e na lingua castelá. A integración das materias lingüísticas no ámbito faise necesaria especialmente no caso da aprendizaxe de persoas adultas se temos en conta que os coñecementos iniciais na primeira lingua funcionan como preconceptos na aprendizaxe das segundas, e que as operacións cognoscitivas que facilitan o descubrimento e o desenvolvemento lingüístico son comúns en todas elas, polo que se poden e se deben desenvolver ao mesmo tempo nos diferentes momentos do ensino para obter un efecto de reforzo. Ademais, o modelo metalingüístico empregado nas distintas linguas deberá de ser común para evitar interferencias entre os distintos procesos de aprendizaxe.

3. O ÁMBITO DE COMUNICACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVES.

A competencia plurilingüe formúlase como un aspecto esencial para a protección e o desenvolvemento da nosa herdanza lingüística, e como fonte de enriquecemento mutuo. Esta competencia permítelle ao alumnado adulto relacionar, de modo significativo, as distintas culturas a que ten acceso mediante os seus coñecementos lingüísticos e lograr unha mellor comprensión delas. As competencias lingüística e cultural de cada lingua quedan modificadas mediante o coñecemento mutuo e contribúen a crear así unha consciencia, unhas destrezas e unhas capacidades interculturais.

Tendo en conta o seu carácter integrador, o ámbito de comunicación participa tamén no desenvolvemento de todas as competencias básicas da educación secundaria. Se o ámbito de comunicación se orienta á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno das linguas nun amplo abano de contextos, é evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o progreso da competencia en comunicación lingüística en toda a súa extensión. Pero, ademais, garda unha relación moi estreita con outras competencias básicas.

Así sucede coa competencia social e cidadá. Desde este ámbito de comunicación facilítase, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, e o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos das persoas, permitíndolles a súa promoción e integración social. O traballo das destrezas lingüísticas prepara para compartir e respectar saberes e referencias culturais. Ademais, redunda na mellora da práctica das normas sociais de convivencia, especialmente no emprego da negociación para chegar a acordos, favorecendo igualmente a promoción e a integración social das persoas adultas.

En canto á competencia no tratamento da información dixital, a súa relación co ámbito de comunicación realízase por dúas vías: dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permiten ao alumnado adulto mellorar as súas habilidades e competencias para obter información: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, ou outras de caracter literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións, etc.). Doutra banda, a lingua mesma é unha ferramenta coa que os adultos nos enfrontamos á crecente cantidade de información de que se dispón. A través dela seleccionamos, analizamos criticamente, organizamos e sintetizamos esa información para o noso coñecemento.

Disponse de competencia cultural e artística se se crean, comprenden, aprecian e valoran con criterio esas manifestacións culturais e artísticas e se o individuo é quen de emocionarse e gozar coa lectura.

En canto á competencia para aprender a aprender, desenvólvese ao contribuír a linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe, á interpretación das informacións lingüísticas, á exposición e conclusións sobre tarefas, etc. A autonomía, como eixe central no proceso de aprendizaxe, e a iniciativa persoal promóvense desde o ámbito de comunicación co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación: a intervención en situacións reais, a lectura de obras literarias que estimulen e fomenten a

creatividade; o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas; a localización e selección de información, o fomento da autoestima lingüística, etc. Pero, ademais, o propio traballo da linguaxe é clave na análise de problemas, na elaboración de plans e na toma de decisións.

4. OBXECTIVOS XERAIS.

1. Coñecer, respectar e valorar a realidade plurilingüe e cultural de España, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representan as linguas do Estado e as súas variedades lingüísticas e entender as situacións que provocan o contacto de linguas.

2. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que condicionan o seu uso actualmente, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para o seu emprego en calquera contexto e situación.

3. Comprender discursos orais e escritos nas linguas galega e castelá nos diversos contextos da actividade sociocultural, persoal e académica; interpretalos cunha actitude crítica, aplicando a súa comprensión a novas situacións de aprendizaxe. Na lingua estranxeira, os textos estarán referidos a asuntos da vida cotiá, serán de estrutura sinxela e clara, e nunha variedade de lingua estándar e os textos orais serán articulados a unha velocidade lenta e con claridade, e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

Desenvolver, nas linguas galega e castelá, a capacidade de construír un discurso oral e escrito, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, de acordo coas diferentes situacións comunicativas, integrando os recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos.

Na lingua estranxeira, os textos serán breves, referidos a asuntos da vida cotiá e, no caso da lingua oral, comunicaranse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

5. Adquirir conceptos lingüísticos xerais, reflexionar sobre os elementos formais e mecanismos das linguas nos planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.

6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre as linguas e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos, para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección, tanto en galego como en castelán, e para tomar consciencia dos propios sentimentos e ideas e favorecer o control da propia conduta.

7. Adquirir as habilidades, actitudes e coñecementos necesarios que favorezan utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, valorar, seleccionar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información relacionada coa vida cotiá, académica e laboral.

8. Coñecer e empregar as normas que rexen o intercambio social das linguas e daquelas normas socioculturais que regulan a comunicación nos diferentes contextos, evitando estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

9. Desenvolver os coñecementos, hábitos, habilidades e actitudes que fan posible a lectura de textos literarios, en galego e en castelán, como fonte de pracer, de enriquecemento, de coñecemento do mundo e do patrimonio cultural.

10. Adquirir as habilidades, as actitudes e os coñecementos necesarios para unha interpretación crítica as mensaxes dos medios de comunicación de masas e da publicidade, especialmente das que teñen relación coa vida cotiá e laboral.

5. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

O modelo de ensino-aprendizaxe da lingua deberá partir dunha concepción práctica da competencia comunicativa, entendida como a capacidade de uso do idioma, e que abrangue as competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas. Este proceso de ensino-aprendizaxe orientado á acción debe ser concretado e reinterpretado segundo as necesidades do alumnado adulto. Estes son os seus aspectos fundamentais:

Activación de estratexias de aprendizaxe (aprender a aprender) e de comunicación. Integración das destrezas ou actividades comunicativas.

Achegamento contextualizado aos aspectos socioculturais.

Papel do profesor como guía do alumnado para a súa apropiación dos recursos lingüísticos que fagan posible a acción na lingua.

A aula deberase concibir como o espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe. O profesor é o presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, estimular, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero serán os alumnos os que deberán asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais alumnos do grupo e co profesor para conseguir os obxectivos propostos e desenvolver a súa capacidade de aprendizaxe autónoma. O alumno convértese en protagonista da súa aprendizaxe e ten un papel activo na aula: deduce, propón, valora as propias dificultades, solicita axuda e avalía os diferentes recursos. O alumnado é o responsable da súa aprendizaxe e de afrontala de maneira autónoma. E para os alumnos aprenderen a aprender e chegaren a un uso adecuado da lingua obxecto de estudo, o profesor presentará tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas, creando contextos que estimulen o interese dos alumnos na aprendizaxe e na utilización da lingua albo, e a sensibilidade para as culturas en que se fala a lingua que están a perfeccionar ou aprender; que fomenten a confianza en si propios, que aumenten a motivación para aprender dentro e fóra da aula e que desenvolvan a súa capacidade para planificar, autoavaliarse e aprender de xeito autónomo e independente. Estas tarefas serán deseñadas a partir dos obxectivos que se pretendan acadar, e serán tamén comunicativas, para ofrecer ao alumnado a oportunidade de utilizar a lingua en situacións reais de comunicación. Os materiais

empregados nesas tarefas serán preferentemente auténticos, para facer que o alumno perciba a lingua como un verdadeiro instrumento de comunicación.

O alumnado deberá familiarizarse coas estratexias de planificación, execución, control e reparación, así como cunha serie de procedementos discursivos xerais e específicos para cada destreza de comunicación. Dese xeito, fomentarase a autonomía do alumnado e poderá aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación tanto na aula como fóra dela, levando a cabo eficazmente as tarefas correspondentes.

A avaliación, que en todo caso debe ser sempre coherente cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación e definida nas programacións didácticas pertinentes, debe ser entendida como un instrumento que valore o uso axeitado da lingua fronte ao coñecemento do seu sistema teórico ou da simple corrección formal.

No que se refire aos aspectos específicos do ensino da lingua estranxeira, é preciso facer referencia de novo ao documento citado Marco común europeo de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación, que insiste en que a aprendizaxe de idiomas debe partir do principio fundamental de que a lingua é sobre todo un vehículo de comunicación.

6. MATERIAIS E RECURSOS MÓDULOS 3 E 4 DA ESA.

Empregarase como **material fundamental** as presentacións, fotocopias ou apuntamentos facilitados pola profesora na aula ou a través da aula virtual, plataforma que suporá o medio de comunicación co alumandoAsí mesmo, poderanse empregar tamén no proceso de ensino-aprendizaxe recursos dixitais para o traballo autónomo do alumnado.

7. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN.

7.1. MÓDULO 3 DA ESA.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e procedementos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
Bloque 1: Comunicación oral. Escoitar e falar								
b g h j p	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais expositivos e argumentativos.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.	B1.1.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	Identifica as ideas principais e secundarias dun texto.	Observación directa	X	X	CCL
			B1.1.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos.	Recoñece a intención comunicativo dos textos.	Observación directa	X	X	
			B1.1.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.	Diferencia explicación en argumentos.	Observación directa	X		CCL CAA
a b c g	B1.2. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto.	B1.2. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	B1.2.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	Emprega as normas de cortesía na comunicación oral	Observación directa	X	X	CCL CAA CSC
a b c d f g n	B1.3. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.3. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.3.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral e propón solucións para melloralas.	Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta.	Observación directa	X	X	CCL CAA
			B1.3.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar coa pronuncia da lingua galega.	Rexeita os prexuízos sobre a lingua galega.	Observación directa	X	X	CAA
			B1.3.3. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	Usa a variante dialectal propia	Observación directa	X	X	CCL CCEC
a b f g p	B1.4. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público.	B1.4. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.	B1.4.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	Elabora guions para as súas exposicións.	Rúbrica de traballo expositivo	X		CCL CAA
			B1.4.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais utilizando unha linguaxe correcta e rica.	Participa nas intervención orais de aula.	Observación directa	X	X	CCL
			B1.4.3. Recoñece e avalía erros nos discursos	Recoñece os erros máis	Rúbrica de traballo	X		CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e procedementos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
			orais propios e alleos e trata de evitalos.	graves dos discursos orais.	expositivo.			CAA
b c f g h j p	B1.5. Construción de textos expositivos e argumentativos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados.	B1.5. Producir textos expositivos e argumentativos en diferentes rexistros.	B1.5.1. Participa en conversas informais nas cales intercambia información e expresa a súa opinión.	Participa en conversas informais.	Observación directa	X	X	CCL CSC CSIEE CCEC
			B1.5.2. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa.	Utiliza o rexistro formal dentro da aula.	Observación directa	X	X	CCL CSC
			B1.5.3. Realiza exposicións educativas sinxelas.	Realiza exposicións orais sinxelas.	Rúbrica de traballo expositivo	X		CCL
f i	B1.6. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.	B1.6. Coñecer e aplicar, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	B1.6.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	Consulta os medios de información para a elaboración de traballos.	Rúbrica de traballo expositivo	X		CD CAA CSIEE
			B1.6.2. Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para facer de maneira visual as súas presentacións máis claras e atractivas.	Emprega imaxes nas súas presentacións orais.	Rúbrica de traballo expositivo	X		CD CCL CSC
a b c f g j p	B1.7. Participación activa e argumentada en debates nos cales se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.7. Participar activamente e con argumentos en debates nos cales se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.7.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	Desenvolve argumentos nas súas intervencións orais.	Observación directa	X		CCL CAA
			B1.7.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	Respecta as normas de cortesía nas intervencións orais.	Observación directa	X	X	CCL CSC
	B1.8. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.	B1.8. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.	B1.8.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	Comprende o valor do uso da lingua oral.	Observción directa	X	X	CCL CAA CSC CSIEE
Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir								

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e procedementos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
e g j	B2.1. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	B2.1. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	B2.1.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.	Diferencia textos literarios e non literarios.	Actividades escritas.	X		CCL
			B2.1.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	Identifica os tres grandes xéneros literarios.	Actividades escritas	X		
e g h	B2.2. Análise de textos literarios, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	B2.2. Analizar textos literarios, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	B2.2.1. Analiza textos literarios, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	Analiza textos literarios.	Actividades escritas	X	X	
e f g h j	B2.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.	B2.3. Comprender, interpretar e valorar textos expositivos e argumentativos.	B2.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto expositivo ou argumentativo.	Identifica as ideas principais e algunhas das secundarias dun texto escrito.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas	X		
			B2.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos.	Recoñece a intención comunicativa dos textos.	Actividades escritas	X	X	
			B2.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.	Diferencia explicación e argumentos.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas	X		CCL CAA
a e f g h i j p	B2.4. Produción de textos expositivos e argumentativos a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.	B2.4. Producir textos expositivos e argumentativos.	B2.4.1. Produce textos expositivos e argumentativos elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.	Produce textos expositivos e argumentativos propios.	Actividades escritas.	X		CCL CD
e g m	B2.5. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	B2.5. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	B2.5.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.	Coñece a linguaxe cinematográfica.	Observación directa		X	CCL CCEC
a f	B2.6. Uso dos recursos que ofrecen as bibliotecas	B2.6. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as	B2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores da	Busca e selecciona información a través de	Observación directa	X		CCL CAA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e procedementos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
i	e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, organizar e seleccionar a información.	tecnoloxías da información e da comunicación para obter, organizar e seleccionar información.	internet para obter, organizar e seleccionar información.	internet.				CD
a b g n	B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e discriminacións.	B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e discriminacións.	B2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	Expresa posturas de acordó ou desacordo coas ideas dun texto.	Actividades escritas	X	X	CCL
			B2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	Evita usos lingüísticos que supoñan prexuízos.	Observación directa	X	X	CCL CSC
a f g i	B2.8 Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	B2.8. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	B2.8.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	Elabora esquemas antes de crear un texto.	Observación directa.	X	X	CCL CAA
			B2.8.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos.	Redacta borradores dos seus textos.	Observación directa.	X	X	
			B2.8.3. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.	Emprega a lingua formal dentro da aula.	Actividades escritas. Rúbrica de textos escritos.	X	X	CCL CSC
			B2.8.4. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión internas do texto.	Crea textos coherentes e cohesionados.	Actividades escritas. Rúbrica de textos escritos.	X	X	CCL
			B2.8.5. Revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma.	Revisa os seus textos.	Observación directa	X	X	CCL CAA
a f g i	B2.9. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.	B2.9. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.	B2.9.1. Usa as tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.	Emprega ferramentas teconolóxicas na elaboración dos seus traballos.	Rúbrica de traballo expositivo	X		CCL CD

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e procedementos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
Bloque 3: Funcionamento da lingua								
e g i	B3.1. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.1. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.1.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	Escribe con corrección ortográfica e morfolóxica.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas Rúbrica de textos escritos.	X	X	CCL
	B3.2. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica e textual.	B3.2. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica e textual.	B3.2.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e sintáctica.	Puntúa textos adecuadamente.	Actividades escritas. Rúbrica de textos escritos.	X	X	
			B3.2.2. Revisa os textos para puntuar correctamente.	Revisa a puntuación dos seus textos.	Observación directa	X	X	
	B3.3. Análise e uso reflexivo da acentuación, especialmente a diacrítica.	B3.3. Analizar e usar correctamente as normas de acentuación.	B3.3.1. Analiza e usa correctamente as normas de acentuación.	Acentúa correctamente os seus textos.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas. Rúbrica de textos escritos.	X	X	
e f g	B3.4. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.	B3.4. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.	B3.4.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.	Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros.	Actividades orais e escritas	X	X	CCL CAA
			B3.4.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoos coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	Identifica as categorías gramaticais dun texto.	Actividades escritas	X	X	
	B3.5. Recoñecemento da estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.	B3.5. Recoñecer a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.	B3.5.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.	Identifica adxectivos, substantivos e verbos nos textos.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas.	X	X	
	B3.6. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes.	B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.	B3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Identifica os determinantes nos textos.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas.	X		

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e procedementos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
	B3.7. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes.	B3.7. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.	B3.7.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Identifica os pronomes nun texto.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas.	X		
	B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.	B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos.	B3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	Identifica os adverbios nun texto.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas.		X	
	B3.9. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos diferentes conectores textuais.	B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais.	B3.9.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	Identifica os conectores dun texto.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas.		X	
	B3.10. Reflexión e explicación das relacións semánticas: sinonimia e antonimia.	B3.10. Reflexionar e explicar as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.	B3.10.1. Identifica e explica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.	Identifica sinonimia e antonimia.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas.		X	
			B3.10.2. Emprega un vocabulario amplo e preciso utilizando os recursos proporcionados pola sinonimia.	Emprega un vocabulario axeitado á situación de comunicación.	Actividades escritas. Rúbrica de textos escritos.	X	X	CCL
Bloque 4: Lingua e sociedade								
e g m n	B4.1. A orixe e formación da lingua galega.	B4.1. Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.	B4.1.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.	Recoñece os principais elementos na formación da lingua galega.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas	X		CCL
e g i m n	B4.2. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916 e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.	B4.2 Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	B4.2.1. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	Coñece polo menos a metade dos acontecementos relevantes da historia social da lingua galega ata 1916.	Actividades escritas.		X	CCL CSC
			B4.2.2. Identifica as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	Coñece algunhas das causas e consecuencias dos feitos da historia social da lingua galega ata 1916.	Actividades escritas		X	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e procedementos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
			B4.2.3. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das tecnoloxías da información e da comunicación, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	Interpreta textos relacionados coa historia social da lingua galega ata 1916.	Observación directa		X	CCL CSC CD
b c d f g m n	B4.3. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.3. Coñecer e describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.3.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Le textos sobre a lexislación lingüística.	Actividades escritas		X	CCL CSC
			B4.3.2. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción nos diferentes ámbitos.	Le textos sobre a lexislación lingüística.	Actividades escritas		X	
	B4.4. Prexuízos lingüísticos.	B4.4 Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	B4.4.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos cara á lingua galega na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	Detecta prexuízos na práctica lingüística.	Observación directa		X	
Bloque 5: Educación literaria								
e g m n	B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.	B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.	B5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.	Identifica os principais periodos literarios das literaturas en galego e castelán.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas	X	X	CCL
			B5.1.2. Sinala os principais trazos característicos dos distintos períodos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX.	Sinala nun texto algún trazo característico do periodo literario ao que pertence.	Actividades escritas. Preguntas en probas escritas	X	X	
a d e g h i m n	B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.2. Seleccionar, ler e comentar de xeito autónomo textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	B5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX para a súa lectura.	Le textos representativos da literatura galega e castelán dende a Idade Media ata o século XX.	Actividades escritas	X	X	
			B5.2.2. Le e comenta de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o	Le textos representativos das literaturas galega e castelán, dende a Idade	Actividades escritas	X	X	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e procedementos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
			século XX, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período correspondente.	Media ata o secúlo XX.				
			B5.2.3. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos definitorios e ponos en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).	Compara textos literarios sinalando similitudes e diferenzas.	Actividades escritas	X	X	
d e g h m n	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, realizar audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	Le comprensivamente textos literarios dende a Idade Media ata o século XX.	Observación directa	X	X	
a b e g i m	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos, nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	Elabora traballos sobre temas literarios.	Actividades escritas	X	X	CCL
a e f i	B5.5. Consulta de fontes de información e familiarización coas tecnoloxías da información e da comunicación para a	B5.5. Consultar fontes de información e familiarizarse cos recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destas.	B5.5.1. Consulta fontes de información para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.	Emprega fontes de información para elaborar os seus traballos.	Traballo de exposición	X		
			B5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos	Emprega a tecnoloxía na elaboración dos seus traballos.	Traballo de exposición	X		CCL CD

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e procedementos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
	realización de traballos e cita axeitada destas.		sinxelos e cita axeitada destes.					
a g h m	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	B5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	Crea textos sinxelos con intención literaria.	Actividades escritas	X	X	CCL CCEC
			B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.	Desenvolve o gusto pola expresión escrita.	Observación directa	X	X	

7.2. MÓDULO 4 DA ESA.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e métodos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
Bloque 1: Comunicación oral. Escoitar e falar								
d e h	B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación: a información e a opinión.	B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación.	B1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do falante.	Comprende textos orais dos medios de comunicación.	Observación directa.		X	CCL
			B1.1.2. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.	Analiza criticamente noticias e debates	Observación directa		X	CCL CAA
	B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de natureza diversa (presentacións, relatorios e intervencións en	B1.2. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	B1.2.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	Identifica a intención do emisor en debates orais.	Observación directa		X	
			B1.2.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a prol ou en contra dunha opinión ou posición.	Recoñece as opinión favorables e non favorables nun debate	Observación directa		X	CCL CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución do estándar	Instrumentos e métodos de avaliación	Temporalización		Competencias clave
						1ª av	2ª av	
	mesas redondas).			oral.				
a c d h	B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto, identificando prexuízos e mensaxes discriminatorias.	B1.3. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	B1.3.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	Identifica textos orais válidos e non válidos.	Observación directa		X	CCL
			B1.3.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.	Aplica as normas de cortesía nas intervención orais.	Observación directa	X	X	CCL CSC
